

## 5.- DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL



ESTUDO DOS PRINCIPAIS ASPECTOS relativos ao desenvolvemento territorial da área de Lalín divídese en catro partes diferenciadas, nas que se fai referencia á súa dotación de infraestruturas –estradas, ferrocarril, infraestruturas hidráulicas e parques empresariais– e, para rematar, ao medio ambiente.

Para a realización deste capítulo térase en conta a información recollida no *Plan director de infraestruturas 2001-2010*, presentado en outubro do ano 2001, no *Plan decenal ferroviario 1998-2007* e, finalmente, analizarase o *Plan de dinamización económica de Galicia* e o *Plan Galicia* da Administración Xeral do Estado, presentados en xaneiro do ano 2003.

Como punto de partida, os **mapas 5.1. e 5.2.** permiten observar, para as dúas

comarcas nas que se divide a área obxecto de estudo, o espallamento das vías de comunicación e a súa rede urbana. Distínguense as vías segundo a súa categorización ao tempo que aos distintos nodos de comunicación establéceneselles un rango segundo a súa importancia.


En canto aos nodos establecidos, o *Mapa comarcal de Galicia* realiza unha distinción dos mesmos en función da súa importancia en cinco rangos, de xeito que o rango I clasificaría aos nodos máis relevantes, fronte aos nodos de rango V, correspondentes a aqueles cunha menor relevancia dentro da clasificación.

O interior da área de Lalín conta con nodos de rango III, IV e V, estando situados estes últimos na N-525, no concello de Dozón, e na PO-212 no concello de Rodeiro. Os nodos de rango IV está situa-

**M.5.1.**



**M.5.2.**



5.1.

*Investimentos en infraestruturas viarias na área funcional de Lalín*

Actuación	Investimento total	Vías
	(en millóns de €)	(en Km.)
<b>Actuacións sobre a rede do estado</b>	296,6	56,6
Autoestrada Santiago-Ourense-Alto de San Domingos	296,6	56,6
<b>Actuacións sobre a rede autonómica</b>	31,1	16,3
Conexión da N-640 co C-533 e a Autoestrada Santiago-Ourense	13,3	7,0
Corredor Lalín-Monforte: Treitos de circunvalación de Monforte	17,7	9,3

Fonte: Plan director de infraestruturas de Galicia 2001-2010

dos na N-525 no concello de Silleda, na N-640 no concello de A Golada, na PO-VP24 no concello de Vila de Cruces, na N-521 no concello de Cerdedo e na PO-2205 no concello de Forcarei. Finalmente, os nodos de rango III, os máis importantes da área funcional de Lalín, están localizados no concello de Lalín (N-525) e no concello de A Estrada (N-640).

### Estradas

As principais estradas da área de Lalín son a autopista A-53 Santiago-Ourense, inaugurada en decembro do ano 2002, e que na actualidade ten en servizo o treito Santiago-Dozón, estando en execución o treito Dozón-Ourense; a estrada nacional N-525, que comunica Santiago con Ourense, atravesando os concellos de Silleda, Lalín e Dozón pertencentes á área funcional; a N-640, que comunica a provincia de Pontevedra dende a ría de Arousa coa fronteira do Principado de Asturias pasando polos concellos de A Estrada, Lalín e A Golada; e a N-541, que comunica a capital pontevedresa con Ourense percorrendo o sur da área funcional, pasando polo concello de Cerdedo. Destaaca tamén a vía de alta capacidade que une o concello de Lalín con Monforte de Lemos.

As actuacións propostas no *Plan director de infraestruturas de Galicia 2001-2010* sobre a rede estatal, autonómica e convencional na área de Lalín expóñense no **cadro 5.1.**, destacando en primeiro lugar dentro das actuacións propostas sobre a rede de estradas estatal, a construción da autoestrada Santiago-Ourense, no treito entre Santiago e o Alto de Santo Domingo, no concello de Dozón, de 56,6 Km. de lonxitude e con 296,6 millóns de euros de investimento total.

No que respecta ás actuacións sobre a rede viaria autonómica, dentro da área de Lalín destaca a conexión da N-640 con a C-533 e a autoestrada A-53, Santiago-Ourense; con 7 km de lonxitude e 13,3 millóns de euros de investimento total.

Por outra banda, establécense tamén actuacións no corredor Lalín-Monforte de Lemos, nos treitos de circunvalación de Monforte, cunha lonxitude de 9,3 km e un investimento total de 17,7 millóns de euros.

### Ferrocarril

No eido das infraestruturas ferroviarias, o *Plan decenal de infraestruturas ferroviarias de Galicia 1998-2007* recolle

## 5.2.

### Principais actuacións na rede ferroviaria interior na área funcional de Lalín

Treito	Investimento
	<small>(en millóns de €)</small>
Liña Ourense-Santiago (1)	6,92
<b>Total Galicia</b>	<b>315,91</b>

(1) traballos de sinalización da liña

Fonte: Plan director de infraestruturas de Galicia 2001-2010

unha serie de programas de actuación a desenvolver. No marco xeográfico de Lalín, non está programada no citado plan ningunha actuación estruturante, e as actuacións complementarias que afectan á área funcional son aquelas programadas na liña Santiago-Ourense encamiñadas á modernización da vía e incremento da súa capacidade, electrificación e as instalacións de seguridade e sinalización.

O *Plan director de infraestruturas de Galicia 2001-2010* especifica dúas liñas de actuación no marco ferroviario: o programa de alta velocidade e o programa da rede convencional.

No que respecta ao Programa de alta velocidade, o Plan director non establece actuacións no marco xeográfico de Lalín, sen embargo o convenio de 20 de decembro de 2000 no que se comprometían 962 millóns de euros na mellora integral de toda a rede convencional do Eixo Atlántico en Alta Velocidade, contempla a liña e alta velocidade Ourense-Santiago cuxo estudo está rematado e pendente da declaración de impacto ambiental.

Na rede convencional da área de Lalín, destaca, como se mostra no **cadro 5.2.**, a actuación sobre a liña Ourense-

Santiago, limitada exclusivamente aos traballos de sinalización, que conta cun investimento de 6,92 millóns de euros.

## Infraestruturas hidráulicas

Dentro das infraestruturas hidráulicas cabe salientalo *Plan de saneamento de Galicia 2000-2015*. Este plan ten como obxectivo fundamental o cumprimento da Directiva Europea 91/271, de 21 de maio de 1991, sobre tratamento de augas residuais urbanas.

O estado actual respecto ao cumprimento da Directiva sinalada nos concellos que compoñen a área analizada obsérvase no **cadro 5.3.**, onde se determina a existencia de actuacións na conca do río Ulla. As actuacións de saneamentos dos concellos de A Estrada, Lalín e Vila de Cruces están rematadas e cumprindo a Directiva 91/271. A actuación de saneamento do concello de Silleda está en execución e non cumpre a Directiva 91/271.

O *Plan de saneamento de Galicia* prevé, no marco temporal do ano 2015, as seguintes actuacións na área funcional de Lalín:

5.3.

*Estado actual do saneamento respecto á Directiva 91/271*

Concello	Conca	He aglomeración	He deseño EDAR	Tratamento	Estado	Cumprimento Directiva
<b>A Estrada</b>	Río Ulla	7.657	23.000	Biolóxico	Rematada	Cumpre
<b>Lalín</b>	Río Ulla	8.315	25.000	Biolóxico	Rematada	Cumpre
<b>Silleda</b>	Río Ulla	1.794	5.000	Biolóxico	Execución	Non Cumpre (en construción)
<b>Vila de Cruces</b>	Río Ulla	1.365	3.111	Biolóxico	Rematada	Cumpre

Fonte: *Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015*

5.4.

*Parques empresariais a executar por Xestur na área funcional de Lalín: Actuacións non incluídas no Plan Galicia<sup>(1)</sup>*

	Superficie (m <sup>2</sup> )	Investimento total
<b>P.E. de Lalín (ampliación)</b>	197.000	5.147.122
<b>P.E. de Rodeiro</b>	187.195	2.921.000
<b>P.E. de Silleda (ampliación)</b>	48.954	1.235.685

(1) datos primeiro semestre 2005  
Fonte: *Consellería de vivenda e solo*

- Adecuación das redes de colectores existentes nos concellos de Lalín e A Estrada.

- Actuacións sobre novas redes de colectores nos concellos de Lalín e A Estrada.

### Parques empresariais

Segundo datos da Consellería de Vivenda e Solo, na actualidade existen na área funcional de Lalín dous parques empresariais operativos promovidos polo Instituto Galego de Vivenda e Solo e xestionado por Xestur Pontevedra, emprazados nos concellos de Lalín e Silleda. O parque empresarial de Lalín conta con 105 parcelas e cunha superficie total de

305.354 m<sup>2</sup>, tendo o 58,9% da mesma un aproveitamento industrial e comercial; o parque empresarial de Silleda ten unha superficie total de 101.230 m<sup>2</sup>, dos que o 72,2% son superficie industrial e comercial, esta superficie comercial está dividida en 44 parcelas.

Existen, ademais unha serie de actuacións adicionais non incluídas no Plan Galicia que se expoñen no **cadro 5.4.**, como son a ampliación do parque empresarial de Lalín, cun investimento total de 5,1 millóns de euros, e unha superficie de 197.000 m<sup>2</sup>; a ampliación do parque empresarial de Silleda cun investimento total de 1,2 millóns de euros e unha superficie de 48.954 m<sup>2</sup>; e a construción do parque empresarial de Rodeiro cun investimento

total de 2,9 millóns de euros e unha superficie de 187.195 m<sup>2</sup>.

### Medio ambiente

O estudo do medio ambiente na área de Lalín céntrase na análise da situación do solo da área, dividindo o estudo en tres apartados: en primeiro lugar trátase o número e causalidade dos incendios existentes na zona, pasando posteriormente a analiza-lo monumento natural existente na área funcional, así como as zonas incluídas dentro da Rede Natura 2000.

No que respecta ao número e superficie afectada polos incendios forestais na área funcional de Lalín, o **cadro 5.5.** mostra que no conxunto do distrito ambiental Deza-Tabeirós os lumes e superficie media afectada no período 2000-2004 ascenderon a 614 lumes e 1.498,3 hectáreas, das que o 15,3% corresponde a superficie arborada (228,9 hectáreas) e o 84,7% restante, a superficie rasa (1.269,3 hectáreas).

Distinguindo os incendios segundo a súa causalidade, o citado **cadro 5.5.** mostra como o 88,5% dos lumes no período 2000-2004 nese distrito foron intencionados, fronte ao 81,8% dos lumes causados intencionadamente no conxunto da provincia de Pontevedra

O **cadro 5.6.** mostra a evolución dos lumes e da superficie queimada no distrito ambiental de Deza-Tabeirós no período 1989-2004, neste senso, obsérvase o incremento do número de lumes e a redución da superficie queimada, tanto a

nivel absoluto, como a media de hectáreas queimadas por lume. Así, pásase de 27 hectáreas queimadas/lume no ano 1989 a 2,8 hectáreas/lume no ano 2004.

Na área funcional de Lalín destaca a existencia de seis **Lugares de Importancia Comunitaria** (LIC) e dun monumento natural, a fraga de Catasós.

A Directiva Hábitats crea a rede ecolóxica coherente de zonas especiais de conservación chamada Natura 2000. Esta rede terá que garantir o mantemento nun estado de conservación favorable dos hábitats e das especies na súa área de distribución natural dentro do territorio da Unión Europea.

Na actualidade a rede Natura 2000 aínda non está rematada. Atópase na fase de aprobación por parte da Comisión Europea das listas de lugares de importancia comunitaria (LIC) para cada unha das rexións bioxeográficas de Europa. Unha vez que sexan aprobadas pola Comisión, outorgarase a estes espazos a categoría de LIC. Posteriormente os Estados membros deberán declarar como zona de especial conservación (ZEC) todos eses lugares presentes no seu territorio.

A proposta galega de lugares de importancia comunitaria está composta por 59 espazos. Todos eles foron declarados como zonas de especial protección dos valores naturais polo Decreto 72/2004, de 2 de abril, e 55 están incluídos na lista de lugares de importancia comunitaria (LIC) da rexión bioxeográfica atlántica aprobada pola Decisión da Comisión de 7 de

5.5.

Lumes e superficie media afectada en Pontevedra 2000-2004: distribución segundo causalidade e distrito ambiental

	Número de lumes		Superficie				Total	
	%		Arborada		Rasa		%	
	(%)	(en ha)	(%)	(en ha)	(%)	(en ha)	(%)	
<b>Deza - Tabeirós</b>	<b>614,0</b>	<b>100</b>	<b>228,9</b>	<b>100</b>	<b>1.269,3</b>	<b>100</b>	<b>1.498,3</b>	<b>100</b>
Basureiros	1,2	0,2	0,2	0,1	0,3	0,0	0,5	0,0
Descoñecida	37,0	6,0	23,7	10,4	56,0	4,4	79,8	5,3
Reproducción	10,8	1,8	8,2	3,6	9,5	0,8	17,8	1,2
Intencionado	543,4	88,5	192,7	84,2	1.177,0	92,7	1.369,7	91,4
Neglixencia	5,2	0,8	1,0	0,4	1,3	0,1	2,3	0,2
Outros	4,4	0,7	1,7	0,7	13,5	1,1	15,2	1,0
Queima	7,6	1,2	0,9	0,4	9,4	0,7	10,4	0,7
Causa natural	4,4	0,7	0,5	0,2	2,3	0,2	2,8	0,2
<b>Pontevedra</b>	<b>2.944,4</b>	<b>100,0</b>	<b>1.279,9</b>	<b>100,0</b>	<b>2.544,1</b>	<b>100,0</b>	<b>3.824,0</b>	<b>100,0</b>
Basureiros	11,6	0,4	2,8	0,2	4,0	0,2	6,7	0,2
Descoñecida	252,6	8,6	98,5	7,7	105,7	4,2	204,2	5,3
Reproducción	139,0	4,7	45,7	3,6	24,2	1,0	69,9	1,8
Intencionado	2.408,6	81,8	1.071,6	83,7	2.354,5	92,5	3.426,1	89,6
Neglixencia	44,0	1,5	14,5	1,1	8,0	0,3	22,5	0,6
Outros	21,4	0,7	28,7	2,2	25,0	1,0	53,6	1,4
Queima	57,6	2,0	15,4	1,2	20,0	0,8	35,4	0,9
Causa natural	9,6	0,3	2,7	0,2	2,8	0,1	5,5	0,1

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

5.6.

Lumes e superficie queimada no distrito ambiental de Deza - Tabeirós 1989 - 2004

	Lumes	Superficie queimada			Superficie queimada / lume		
		Total	Arborada	Rasa	Total	Arborada	Rasa
		(en Ha.)			(en Ha.)		
1989	527	14.225,5	3.479,3	10.746,2	27,0	6,6	20,4
1990	228	2.166,3	521,6	1.644,7	9,5	2,3	7,2
1991	180	256,0	72,1	183,9	1,4	0,4	1,0
1992	599	714,0	86,8	627,2	1,2	0,1	1,0
1993	315	283,9	98,6	185,3	0,9	0,3	0,6
1994	490	553,5	46,6	506,9	1,1	0,1	1,0
1995	1039	2.320,8	298,2	2.022,6	2,2	0,3	1,9
1996	550	622,7	75,7	547,0	1,1	0,1	1,0
1997	1157	2.089,1	323,3	1.765,8	1,8	0,3	1,5
1998	816	4.940,4	539,6	4.400,9	6,1	0,7	5,4
1999	412	533,2	79,2	454,0	1,3	0,2	1,1
2000	644	872,5	164,9	707,6	1,4	0,3	1,1
2001	522	1.380,1	141,0	1.239,0	2,6	0,3	2,4
2002	803	2.618,3	479,2	2.139,0	3,3	0,6	2,7
2003	492	928,8	125,2	803,6	1,9	0,3	1,6
2004	609	1.691,9	234,4	1.457,4	2,8	0,4	2,4
<b>Media 1990-2004</b>	<b>590,4</b>	<b>1.464,8</b>	<b>219,1</b>	<b>1.245,7</b>	<b>2,5</b>	<b>0,4</b>	<b>2,1</b>

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais



decembro de 2004.

Dentro da área funcional obxecto de estudo neste informe existen seis LICs, que son:

• O sistema fluvial Ulla-Deza: Cunha superficie de 1.633 Ha, abarca os concellos de Catoira, **A Estrada**, Pontecesures, **Silleda**, Valga, **Vila de Cruces**, Boqueixón, Dodro, Padrón, Rianxo, Teo, Touro, Vedra, Brión, Rois e Ames.

• A Serra do Candán: Cunha superficie de 10.669 Ha, abarca os concellos de **Forcarei**, **Silleda**, **Lalín**, Beariz e O Irixo. É unha serra de mediana altitude que conta con notables extensións de matogueira xunto con pequenas carballeiras. Ten ademais superficies importantes de herneiras con afloramentos rochosos.

• As brañas de Xestoso: Cunha superficie de 1.077 Ha, abarca os concellos de **A Estrada**, **Forcarei** e **Silleda**. Estas brañas son pequenas áreas de turbeiras e torgueiras con presenza de carballeiras de reducida extensión. Na zona cría unha pequena poboación de sisón menor, ave característica de hábitats esteparios

• Sobreirais do Arnego: cunha superficie de 1.124 Ha, abarca os concellos de **A Golada**., **Lalín** e **Vila de Cruces**. Esta é a principal masa forestal representativa da fraga atlántica con influencia mediterránea presente na conca do río Ulla; como especies máis representativas destacan o carballo e a sobreira.

• A Serra do Cando: cunha superficie de 5.458 Ha, abarca os concellos de **Cerdedo**, Cotobade, **Forcarei**, A Lama e Be-

ariz. Esta serra é unha zona de media montaña con superficies de mato e pequenas extensións de carballeiras e bosque de ribeira.

• O Monte Faro: cunha superficie de 2.988 Ha, abarca os concellos de Carballedo, Chantada e **Rodeiro**. Este monte ten unha altitude media de 886 m e é unha área de media montaña con notables representacións de mato.

Os **monumentos naturais** son espazos ou elementos da natureza constituídos por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza que merecen ser obxecto dunha protección especial. En Galicia existen cinco lugares declarados monumentos naturais, entre eles, na área funcional de Lalín, a “fraga de Catasós” que foi declarado monumento natural polo Decreto 76/2000, do 25 de febreiro.

A fraga de Catasós, tamén coñecida como carballeira de Quiroga, localízase na parroquia de Santiago de Catasós, no concello de Lalín, e ten unha superficie de 4,5 ha. Este contorno presenta unhas características botánicas de grande importancia, singularidade e beleza, tendo en conta que na súa maior parte constitúe un importante bosque mixto de carballo (*Quercus robur* L.) e castiñeiro (*Castanea sativa* Mill.), os exemplares do cal son considerados como os mellores de Europa pola súa lanzalía. En canto ás súas características climáticas e edáficas, atópase dentro do dominio climático oceánico e asentado xeoloxicamente sobre micacitas metamórficas prehercínicas básicas, que dan lugar a solos pardos ácidos, forestalmente produtivos. ■